



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte, linguaxe e representación

Materia	Arte, linguaxe e representación			
Código	P01G010V01303			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Pintura			
Coordinador/a	Núñez Jiménez, Marina			
Profesorado	Blanco Salgueiro, Loreto Núñez Jiménez, Marina			
Correo-e	netmarina@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Materia interdisciplinar que aborda un achegamento semiótico á cultura visual e á práctica da arte. Trátase de comprender como funcionan os signos e cales son as estratexias concretas de significación das imaxes que nos rodean. Así aprenderemos a lelas con competencia e a empregar, ao producirmos as obras, as tácticas que máis se adecúen aos nosos propósitos comunicativos.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento das funcións expresivas e comunicativas dunha obra artística.	A6	
	A9	
Coñecemento da sintaxe e figuras retóricas dunha obra artística.	A6	
Coñecementos dos códigos de representación da obra artística.	A6	
Coñecemento do contexto cultural e artístico en relación coa cultura visual.	A4	
	A6	
Capacidade para o desenvolvemento das funcións expresivas e comunicativas dunha obra artística.	A21	
Capacidade para a lectura e análise de imaxes.	A25	B2

Capacidade para a representación artística da realidade.	A31	
	A36	
Habilidade para o manexo dos códigos de representación na creación artística.	A42	
Habilidade para a lectura e análise de imaxes.	A25	B1 B2
Habilidade para a representación artística da realidade.	A42	

Contidos

Tema		
Introdución á semiótica.	De Saussure definiu a semiótica como unha ciencia que estuda a vida dos signos no seo da vida social. A énfase na relación do signo co seu contexto social será fundamental nesta aproximación. O signo se eríxese en lugar de algo por consenso e uso común, non por necesidade. Entender a arbitrariedade dos signos é o punto de partida para entender que a representación nunca é natural, nin obxectiva, nin inocente: independentemente das súas pretensións, sempre está impregnada de ideoloxía.	
As funcións da linguaxe. Factores da comunicación na obra de arte.	A clasificación de Roman Jakobson das funcións da linguaxe (funcións referencial, apelativa, expresiva, fática, poética e metalingüística) é o punto de partida para estimular a facultade crítica ao ler. A nosa posición como lectores está condicionada por asuncións tácitas das que non somos conscientes. O coñecemento de como funciona a linguaxe fai que os procesos de significación non se vexan como a simple transmisión de significados xa constituídos, senón que se entendan como o lugar no que se constrúe a realidade.	
Códigos de representación. Sintaxe da imaxe.	A cuestión de como se significa non é simplemente formal, mais o formal é fundamental para significar. É o substrato fundamental sobre o que se asentán os significados. Por iso hai que comprender que cada código de representación está baseado en certas eleccións formais e que cada elección formal supón, no marco relativamente estable da cultura do/a artista, significados concretos, é dicir, o que a obra nos conta non está só determinado polas eleccións iconográficas ou narrativas, de as houber, senón que, na técnica empregada, na lonxitude do trazo, no tamaño dun motivo en relación ao tamaño total da imaxe, no soporte elixido, no emprego dunha ou doutra perspectiva, no que se enfoca ou desenfoca están implicadas moitas das súas afirmacións.	
Relacións entre realidade, percepción e representación.	A percepción non é un proceso estritamente fisiolóxico, de rexistro directo, senón unha construción mental baseada nas sensacións, unha codificación do mundo en signos icónicos que poidan representalo dentro da nosa mente. Esa codificación ten implícita unha perspectiva concreta que parte dos esquemas aprendidos, é dicir, o mundo non se experimenta sen mediación. Só é intelixible no discurso -que é unha estrutura social historicamente concreta de institucións, categorías e crenzas. Se non hai unha percepción nno mediada, menos aínda haberá unha representación natural, xa que estamos falando dunha codificación de segundo grao. A pesar de todas as concepcións románticas da arte como expresión persoal, directa e libre, a creación artística implica unha linguaxe baseado nunhas convencións herdadas a través da educación nos parámetros dunha sociedade. E non se trata só de en que medida é posible que unha representación reflecta o que entendemos por realidade, senón que hai que entender tamén que ese concepto chamado realidade fórxase, en parte, a través das representacións. As representacións non son tan só un reflexo pasivo de significados e valores, senón unhas construtoras activas deses significados e valores. A través delas aprehendemos o mundo e, polo tanto, elas, en gran medida, constrúen a nosa idea do mundo.	
Relacións transtextuais.	Todo texto relaciónase, na súa escritura e na súa lectura, co conxunto de textos que o precederon ou que o rodean, de maneira que podemos falar da existencia dun marco transtextual. Como di Barthes, o texto está enteiramente entretecido de citas, referencias e ecos. Toda obra é un palimpsesto, un texto que se superpón a outro, ao que no tapa por completo. Seguindo a clasificación de Gerard Genette, estudaremos cinco relacións transtextuais: paratextualidade, metatextualidade, arquitextualidade, intertextualidade e hipertextualidade. As dúas últimas son as empregadas nas prácticas apropiacionistas, tan características dunha época na que os signos crecen uns sobre os outros e o xogo de imaxes ten cada vez menos que ver cunha (hipotética) realidade exterior.	

Construción e deconstrución de imaxes.	Na era dos simulacros, as representacións convertéronse no noso medio natural. Segundo a metáfora de Baudrillard, o mapa da hiperrealidade substituíu o territorio do real. Se aceptamos que son determinantes á hora de construír o noso concepto do que é a realidade, entenderemos que o seu poder é enorme. A práctica deconstrutora pretende poñer en crise a idea da representación como un feito natural, analizando e desmontando os códigos ideolóxicos infiltrados nalgunhas representacións dominantes.
Modos de interpretación da obra de arte.	O método histórico-crítico, o formalista, o iconolóxico, o sociolóxico, o estruturalista, as aproximacións psicanalíticas. Ao longo da historia da arte occidental téñense sucedido varios modos de ver as obras de arte, métodos críticos baseados en diversas disciplinas que analizan algúns dos aspectos máis relevantes da arte segundo as épocas e xeografías. A diversidade de aproximacións é un indicador de que estamos tratando con obras abertas, expandidas por cada espectador, que as atrae á súa propia órbita especulativa. A estética da recepción insiste na idea postestruturalista de que as imaxes teñen significado tan só en contacto cos discursos que circulan por unha sociedade.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentacións/exposicións	2	0	2
Traballos de aula	48	90	138
Sesión maxistral	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Presentacións/exposicións	Os alumnos explicaranlle á profesora, de forma individualizada ou en pequenos grupos, as súas formulacións e solucións para o exercicio proposto na sesión maxistral.
Traballos de aula	Os alumnos resolverán os exercicios formulados na sesión maxistral principalmente no obradoiro da materia, co seguimento constante da profesora nas horas presenciais e de forma autónoma nas non presenciais. Tecnicamente, os exercicios implicarán a práctica da pintura, a fotografía e a infografía, aínda que tamén se abordará o manexo dos obxectos e os seus contextos.
Sesión maxistral	A profesora exporá os contidos da materia coa axuda de material audiovisual. Ao termo da clase, propondrá un exercicio práctico relacionado cos temas tratados, que se desenvolverá durante varias semanas.

As sesións magistrales se impartirán xuntando os grupos de dous en dous, este é o seu horario:

Luns 9 de setembro: de 10,30 a 14,30,
grupos P2 e P3
Martes 10 de setembro: de 16 a 20,
grupos P1 e P4

Luns 16 de setembro: de 10,30 a 14,30,
grupos P2 e P3
Martes 17 de setembro: de 16 a 20,
grupos P1 e P4

Luns 4 de novembro: de 10,30 a 14,30,
grupos P2 e P3
Martes 5 de novembro: de 16 a 20,
grupos P1 e P4

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Trátase de acompañar ao alumno durante todo o desenvolvemento do exercicio proposto na sesión maxistral, con comentarios dirixidos ao grupo e, sobre todo, con indicacións concretas sobre o seu traballo, tentando que asimile os aspectos conceptuais e que aprenda a solucionar os aspectos técnicos, de forma que poida expresar correctamente as súas formulacións formais e discursivos. Marina Núñez: As tutorías serán os luns pola tarde, de 16 a 20 netmarina@gmail.com Loreto Blanco: luns de 8,30 a 10,30 e mércores de 8,30 a 12,30. loblancosal@yahoo.es

Traballos de aula	Trátase de acompañar ao alumno durante todo o desenvolvemento do exercicio proposto na sesión maxistral, con comentarios dirixidos ao grupo e, sobre todo, con indicacións concretas sobre o seu traballo, tentando que asimile os aspectos conceptuais e que aprenda a solucionar os aspectos técnicos, de forma que poida expresar correctamente as súas formulacións formais e discursivos. Marina Núñez: As tutorías serán os luns pola tarde, de 16 a 20 netmarina@gmail.com Loreto Blanco: luns de 8,30 a 10,30 e mércores de 8,30 a 12,30. loblancosal@yahoo.es
-------------------	--

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Avaliarase a capacidade do alumno para ler as imaxes que nos rodean e propoñer algunhas propias. Avaliaranse, así mesmo, os coñecementos de semiótica, cultura visual e Historia da Arte impartidos nas sesións maxistrais.	15%
Traballos de aula	Avaliarase a progresiva capacidade do alumno para construír imaxes que respondan a un propósito comunicativo concreto e que non sexan obvias nin crípticas. Avaliarase a adquisición de destrezas na práctica dos procedementos artísticos empregados. Avaliaranse os resultados dos exercicios desenvolvidos nos obradoiros, tanto nos aspectos formais como discursivos.	85%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Terase moi especialmente en conta a asistencia a clase, que expresa con claridade a implicación e o compromiso dos alumnos.

A avaliación en primeira convocatoria realizarase o 12 e o 13 de xaneiro.

A segunda convocatoria entregaranse, correctamente realizados, todos os exercicios suspensos ou non presentados que se propuxeron na materia durante o cuadrimestre.

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 3 DE XULLO DE 2015 Ás 12.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

Klein, Naomi, **No Logo**, Paidós,
Foucault, Michel, **Microfísica del Poder**, La Piqueta,
Calabrese, Omar, **El lenguaje del arte**, Paidós,
Bryson, Norman, **Visión y pintura. La lógica de la mirada**, Alianza Forma,
Berger, John, **Modos de ver**, Gustavo Gili,
Baudrillard, Jean, **Cultura y simulacro**, Kairós,
Aumont, Jacques, **La imagen**, Paidós Comunicación,
Picó, Josep (ed.): **Modernidad y posmodernidad**, Alianza Editorial,
Gombrich, Ernst H, **Arte e ilusión**, Gustavo Gili,
Barthes, Roland, **El susurro del lenguaje. Más allá de la palabra y la escritura**, Paidós,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia: Historia da arte/P01G010V01202
Informática: Técnicas informáticas/P01G010V01103
Técnicas escultóricas/P01G010V01203
Técnicas fotográficas/P01G010V01204
Técnicas pictóricas/P01G010V01104